

**ADENDA Á PROGRAMACIÓN**  
**DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**  
**CURSO 2021/2022**

**ADENDA AO APARTADO DA AVALIACIÓN**

De acordo coa publicación da **Orde do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. É de carácter preciso facer unha adenda á programación actual na que se explicita a nova normativa da avaliación na materia de Lingua castelá e Literatura para a convocatoria ordinaria de xuño 2022.

É por isto que debemos actualizar a seguinte información:

**Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.**

Na presente programación, a recuperación de materias pendentes dos cursos 1º, 2º e 3º da ESO seguirá o calendario establecido e comunicado ao alumnado e familias mediante o documento de compromiso entregado ao principio de curso no que se reflicten as seguintes cuestións: contidos, datas de exame e tarefas.

O alumnado terá un exame final de recuperación, tal e como se marca no documento, o 18 de maio no que pode recuperar algúns dos parciais suspensos. Asemade, terá a maiores un exame máis no que poderán recuperar toda a materia do curso. O alumno/a que vaia a dita proba, terá que ensinarlle ao seu profesor/a estas tarefas. Esta proba será o mércores 15 de xuño, data da cal se informará ao alumnado na clase, por Edixgal e a través da páxina web do centro.

**Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.**

No período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño, atoparémonos con dúas situacións simultáneas: alumnado con un ou varios trimestres suspensos e alumnado con toda a materia aprobada.

Por unha banda, e no caso do alumnado con un ou varios trimestres suspensos, realizaremos actividades de reforzo e recuperación.

Asemade, neste período, o alumnado tamén poderá recuperar os bloques de contidos específicos suspendidos durante o curso sen necesidade de recuperar todo un trimestre (bloques de lectura, ortografía, verbos e sintaxe). Será o profesorado quen indique nestes casos específicos os bloques a recuperar para cada alumno/a, bloques tan importantes para os vindeiros cursos.

É por isto que:

### **1º ESO**

Neste curso o alumnado deberá realizar unha serie de tarefas de ampliación, de comprensión e de expresión escritas, todas referentes ao impartido durante o curso e adaptables ao alumnado.

### **2º ESO**

Neste curso o alumnado deberá realizar unha serie de tarefas de ampliación, de comprensión e de expresión escritas, todas referentes ao impartido durante o curso e adaptables ao alumnado.

### **3º ESO**

Neste curso o alumnado deberá realizar os esquemas, redaccións, proxectos e tarefas de comprensión escrita-oral, expresión escrita-oral, Literatura, Lingua e Sintaxe que se atopan na plataforma de Edixgal, as cales aparecen divididas por temas e trimestres. A elaboración de ditas tarefas ten como finalidade a preparación da proba de recuperación da materia, mais nunca a de subir nota.

### **4º ESO**

Neste curso o alumnado deberá realizar a repetición de todas aquelas tarefas, traballos e comprensións non superados durante o curso. A elaboración de ditas tarefas ten como finalidade a preparación da proba de recuperación da materia, mais nunca a de subir nota.

O alumnado de todos os cursos deberá facer as probas indicadas polo profesorado e terá como nota final a da súa recuperación. Unha vez teñan recuperados os contidos, farase unha nota media de xuño final.

Por outra banda, o alumnado coa materia aprobada adicarase a facer tarefas de mellora e profundización na comprensión e expresión escritas e orais.

A elaboración destas tarefas deberá ser completa seguindo as pautas dictadas polo profesorado e respectando as normas de presentación e ortográficas.

O alumnado que as faga **con éxito** poderá subir ata un máximo de medio punto da nota media do curso, a decisión da profesora e curso.

En resumo:

- 1º ESO poderá subir ata medio punto
- 2º ESO poderá subir ata medio punto
- 3º ESO poderá subir ata medio punto
- 4º ESO poderá subir ata medio punto

Tras a elaboración da nota final soamente será aplicado o redondeo hacia a nota superior se a nota supera as 0,8 centésimas (por exemplo, un 4,75 será un 4, mentres que un 4,8 ou 4,9 pode pasar a un 5).

**Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.**

No período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño, atoparémonos con dúas situacións simultáneas en 1º de bacharelato: alumnado con un ou varios trimestres suspensos e alumnado con toda a materia aprobada.

Por unha banda, o alumnado con toda a materia aprobada das tres avaliacións adicará este tempo a facer tarefas de reforzo e ampliación nos ámbitos con máis dificultade para eles, que son a comprensión e a expresión escritas e orais, para mellorar de cara ao próximo curso, pois deben reforzar o modo de argumentar a súas propias ideas. Non poderán subir nota da media do curso.

Por outra banda, o alumnado con un ou varios trimestre suspensos adicará este tempo a facer tódalas prácticas textuais, gramaticais e literarias feitas durante o curso coa finalidade de preparar o exame de recuperación final. Unha vez feito, será tida en conta esa nota para a súa media final do curso.

No caso da recuperación deste período, tamén pode atoparse alumnado que teña suspensos os bloques de contidos de sintaxe, ortografía ou lectura. Neste caso, farán tarefas adicadas soamente a recuperalos.

**Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.**

No calendario establecido para este curso 2021/22, a avaliación ordinaria levarase a cabo o 18 de maio. Entre esta data e a data de realización das probas das ABAU en xuño, o alumnado continuará con clases de repaso e reforzo de toda a materia de cara a preparar ditas probas.

Para o alumnado que non superara a materia, ditas clases serán de preparación da proba extraordinaria seguindo os contidos e prácticas do curso.

**Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO**

O alumnado que teña que recuperar parte da materia suspensa por trimestres, terá un informe no que se lle especificarán os contidos de cada trimestre a recuperar. Este informe será similar á guía de contidos que teñen na plataforma de Edixgal e Aula Virtual do centro. Será o profesorado quen, mediante una táboa modelo do IES o da Xunta, determine cales son os contidos a recuperar para as probas. Asemade dito informe servirá como listaxe de comprobación obxectiva da avaliación ordinaria para motivar ou non a superación da materia.